



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DO CARBALLIÑO EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL, CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO COLABORANDO NOS GASTOS DE PERSOAL E MANTEMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL EMERXENCIAS E PROTECCION CIVIL.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Decreto 235/2012, do 5 de decembro e o Decreto 72/2013, do 25 de abril.

O artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

O Concello do Carballiño dispón dun Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, amosada ao longo destes anos nas actuacións realizadas en colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello do Carballiño o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello do Carballiño, en materia de protección civil contra incendios e salvamento e emerxencias, colaborando





economicamente no mantemento dun servizo de atención de emerxencias e protección civil.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de colaborar con este concello na xestión de emerxencias tanto no ámbito local como comarcal, así como, na organización e realización de operativos, exercicios, simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente nas campañas de prevención, autoprotección e divulgación, planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no seu territorio por este concello, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido nos artigos 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.460.1 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2016, por un importe de oito mil cincocentos euros (8000 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto refundido la Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2016

O director xeral de Emerxencias e Interior

Luís Menor Pérez

